



XUNTA
DE GALICIA

**PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS**

INDUSTRIA NAVAL

ceei.xunta.gal/coronavirus

Liña empresas  900 815 600


COMEZO DA ACTIVIDADE

- › O **servizo de prevención** de riscos laborais deberá identificar e valorar as **medidas** para o persoal **especialmente sensible**.
- › **Non ir traballar con febre (> 37º)** ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- › **Difundir mediante paneis as recomendacións** da autoridade sanitaria ante o coronavirus.
- › **Os desprazamentos faranse mellor individuais**, se non só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** ou compartido **precísase o uso de máscara**.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- › **Manter 2 metros de seguridade**.
- › **Nunca máis dunha persoa por fila de asentos** nos vehículos de empresa.
- › **Evitar** as actividades grupais e coincidir en espazos ou zonas reducidas como vestiarios, comedores ou zonas de aseos.
- › **Efectuar un control adecuado do acceso do persoal ao estaleiro e aos postos de traballo** (barcos, talleres de construción e reparación) e organizar a chegada dos traballadores por quendas.
- › **Fixar horarios e zonas** para provedores e clientes.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- › **Difundir a todas as empresas concorrentes e persoal autónomo** as medidas preventivas adoptadas.
- › **Adaptar o posto ou limitar as tarefas** para o persoal máis vulnerable á infección.
- › **Reforzar a prevención dos riscos laborais** propios da actividade para evitar danos na situación actual.



HIXIENE E LIMPEZA

- › **Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene**.
- › Dispoñer de **contedores** con tapa, pedal e bolsas recambiáveis. Repartir bolsas para os refugallos, pechalas e aumentar a frecuencia da súa recollida.
- › **Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas no estaleiro (buques, talleres e vehículos). Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.
- › **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.
- › **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- › **Limpar e desinfectar frecuentemente** espazos de uso común, equipos e utensilios de traballo (vehículos, ferramentas, maquinaria e teléfonos).
- › O uso de máscaras é necesario no transporte público ou compartido, cando a **distancia de seguridade sexa menor a 2 metros** ou así o valore o servizo de prevención.
- › **Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.
- › **Ventilar** con máis frecuencia as zonas comúns (como vestiarios e aseos).



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** issga.coruna@xunta.gal
Lugo **982 294 300** issga.lugo@xunta.gal
Ourense **988 386 395** issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra **886 218 101** issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago **881 999 332** issga@xunta.gal